



## **SESIÓN PLENARIA ORDINARIA CONVOCATORIA**

Convócase a Vde. á Sesión plenaria que se celebrará no Salón de Sesións da Casa do Concello, o día 29 de agosto de 2024, ás 17,00 horas, e que será gravada (imaxe e son) polo sistema de videoactas ao que poderá acceder a través da <https://sede.vilagarcia.gal/>.

A partir desta data ten Vde., á súa disposición, no correo electrónico facilitado, así como nas dependencias municipais, os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día. A orde do día tamén consta no apartado de transparencia existente na <https://sede.vilagarcia.gal/>.

### **ORDE DO DÍA**

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 24 de xullo de 2024.
2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos no mes xullo de 2024.
3. Determinación, se procede, das festas de carácter local para o ano 2025.
4. Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas (PCAP) que, como Lei do contrato, rexerá o procedemento aberto suxeito a regulación armonizada, tramitación ordinaria, mediante licitación electrónica, para adxudicar o contrato de servizos denominado "Servizo de Axuda no Fogar (SAF)" do Concello de Vilagarcía de Arousa.
5. Aprobación, se procede, da Proposta da Alcaldía en relación co recurso de reposición interposto por PROINSA, contra o acordo do Pleno da Corporación Municipal de 20 de xuño de 2024, sobre a finalización do procedemento de liquidación, derivado da resolución do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do servizo municipal de estacionamento subterráneo do Parking Xoan XXIII.
6. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.
7. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do BNG, en relación coa subida do canon de SOGAMA e por un novo modelo de xestión de residuos.
8. Aprobación, se procede, da Moción presentada polo grupo político municipal do PP para instar ao Goberno Local a que a poie a transición democrática en Venezuela.
9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU de oposición á construción dunha nova fase do ferrocarril de acceso ao Porto.
10. Aprobación, se procede, da solicitude do grupo político municipal do PP de comparecencia de Dona Paola María Mochales, en calidade de Concelleira de Urbanismo e Mobilidade e presidenta do Comité de seguimento dos Fondos EDUSI, en relación co nivel de execución dos Fondos EDUSI.
11. Interpelacións ou control das decisións do grupo de goberno.
12. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
13. Resposta dos/as concelleiros/as delegados/as ás preguntas formuladas no Pleno anterior.
14. Rogos e preguntas formuladas polos membros da Corporación Municipal.
15. Quenda de rogos e preguntas entre as persoas que asisten como público á sesión.





Concello de  
**Vilagarcía de Arousa**  
Secretaría Xeral

CIF: P/3606000B  
Praza Ravella, 1  
36600 Vilagarcía de Arousa  
T 986 099 200  
sede.vilagarcia.gal

Vilagarcía de Arousa, 26 de agosto de 2024.

O ALCALDE PRESIDENTE,

Alberto Varela Paz

Sinatura dixitalizada

A SECRETARIA XERAL,

Rosa Losada Suárez

Sinatura dixitalizada

